# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión 30 do decembro de 2025

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día trinta de decembro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(991).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**
A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:59 | Páxina 1 de 71 |
|---|---|---|
| 2006-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026 | CSV: AFA3D1-848E4F-DA5585-BSXC73-2NGNEY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**2(992).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PRIVADO PATRIMONIAL PARA O ALUGAMENTO DO TEATRO AFUNDACIÓN PARA ACTO INSTITUCIONAL ORGANIZADO POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 20850/101.**

Visto o informe xurídico do 22/12/2026 e o informe de fiscalización do 26/12/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/12/2026, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, que di o seguinte:

**1.- Lexislación aplicable**

A lexislación aplicable vén determinada por:

1. A Lei 33/2003, do 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas, (en diante LPAP), naqueles dos seus preceptos que teñen carácter básico ou que son de aplicación xeral ou plena, conforme á Disposición Adicional Segunda da propia Lei.

2. As normas de carácter básico que contén a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (en diante LRBRL), o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, (en adianta TRRL) e o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL).

3. A lexislación autonómica de desenvolvemento en materia de réxime local e/ou patrimonio local, que nesta caso vén determinada polos artigos 17, 25 e 29 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o disposto na disposición adicional segunda e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

4. Lexislación non básica en materia de réxime local e bens públicos que se concreta no RD 1373/2009, do 28 de agosto polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, do 3 novembro e o Real Decreto 1372/1986, de 13 xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, (en adianta RBEL), que sen prexuízo daquelas normas básicas que reproducen preceptos deste carácter contidos na LRBRL e que teñen por iso o mesmo rango que esta, será aplicable na medida que non contradiga a precedente lexislación estatal básica e autonómica de desenvolvemento.

5. E de forma supletoria, as normas xerais de Dereito Administrativo – incluídas as da LPAP, non básicas nin plenas – , e as de Dereito privado, conforme á propia Lei estatal (art. 5.4) e o RB (art. 1.3) que , neste caso, virían delimitada, fundamentalmente, pola Lei 29/1994, do 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos ( LAU) e, supletoriamente, o Código Civil, (en diante CC)

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

## 2.- Consideracións xurídicas

As entidades Locais para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, e de conformidade coa Constitución e as leis, teñen plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens, celebrar contratos, establecer e explotar obras ou servizos públicos, obrigarse, interpoñer os recursos establecidos e exercitar as accións previstas nas leis (artigo 5 da LRBRL). Concretamente o artigo 10 do RBEL determina que as corporacións Locais poderán, entre outros, adquirir bens e dereitos por calquera outro modo lexítimo conforme ao ordenamento xurídico.

En canto ao réxime xurídico aplicable cabe sinalar que de conformidade co artigo 9.2 da LCSP quedan excluídos do ámbito de aplicación de dita lei, e entre outros, os contratos de arrendamento que teñen o carácter de contratos privados de xeito que rexerase pola lexislación patrimonial.

Neste senso, o artigo 124.1 da LPAP, de aplicación supletoria as entidades locais, dispón“ *1. Los arrendamientos se concertarán mediante concurso público o mediante el procedimiento de licitación restringida regulado en el apartado 4 de la disposición adicional decimoquinta, salvo que, de forma justificada y por las peculiaridades de la necesidad a satisfacer, las condiciones del mercado inmobiliario, la urgencia de la contratación debida a acontecimientos imprevisibles, o la especial idoneidad del bien, se considere necesario o conveniente concertarlos de modo directo”*

## 3. Aluguer do teatro Afundación: necesidade e tramitación

A Alcaldía ten prevista a organización dun acto institucional, o día 18 de xaneiro de 2026 as 19,00 horas, que precisa de acordo ás características do evento GALA LÍRICA 2026, dun espazo axeitado en canto ao aforo necesario (900 persoas), as dimensión do escenario, a mais dunha dotación técnica escénica mínima incluída no alugamento.

Tanto polas súas características técnicas, como polo seu aforo o espazo que mellor se adapta ao evento GALA LÍRICA é o TEATRO AFUNDACIÓN, por este motivo é necesario proceder a reserva do alugamento do mesmo.

Compre sinalar que O TEATRO AFUNDACIÓN é propiedade da FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL (G-70270293), e soamente pode ser alugado a esta entidade.

O Concello de Vigo non dispón de ningún espazo municipal que reúna as técnicas necesarias en canto ao aforo, ubicación (centro da cidade), dimensións do escenario e



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:59 | Páxina 3 de 71 |
| 2006-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026 | CSV: AFA3D1-848E4F-DA5585-BSXC73-2NGNEY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

dotación técnica mínima necesarias para o correcto desenvolvemento do evento GALA LÍRICA 2026.

No expediente consta memoria xustificativa da necesidade do contrato asinado pola Xefa do departamento administrativo de Alcaldía e pola Concelleira da área de goberno de Xestión Municipal con data 06 de novembro de 2025.

Así mesmo atópase anexado no trámite 10 de expediente o documento económico RC provisional có número 12025000151880.

Tendo en conta que no presente expediente concorren as circunstancias para proceder á adxudicación directa do contrato patrimonial, con data 11 de novembro de 2025 solicitouse oferta á entidade FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL (G-70270293).

Con data 13 de novembro, a antedita entidade presentou oferta consistente nun prezo de 2.400 €, ao que corresponde por IVE a cantidade de 504,00 €, totalizándose o prezo de adxudicación do contrato en 2.904,00 €. O prezo estímase adecuado aos prezos de mercado.

O órgano compete é a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación.

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, conforme o 214.2 do TRLRFL e artigo 7 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades del Sector Público Local.

**4. Proposta de acordo**

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Adxudicar á entidade FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL (G-70270293), o contrato privado para a formalización da reserva para alugamento do Teatro Afundación para a celebración do acto institucional da Gala Lírica que terá lugar o 18 de xaneiro de 2026, por un importe de 2.904,00 euros ( IVE incluído).

**Segundo.-** Autorizar e comprometer o gasto polo importe de 2.904,00 € (impostos engadidos) con cargo á aplicación orzamentaria de Alcaldía 912.0.202.00.00 (Alugueiro de edificios) do vixente orzamento municipal, ou a súa bolsa de vinculación, o que non afecta ao funcionamento do servizo.

**Terceiro.-** Facultar a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal para a formalización do contrato e de calquera actos que para súa execución se requira.

**Cuarto.-** Publicar o contrato no portal de transparencia.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(993).- PROXECTO DE CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN COA DIOCESE DE TUI-VIGO PARA O FINANCIAMENTO DA REPARACIÓN DOS MUROS E A SUBSTITUCIÓN DE VARANDAS NA CONTORNA DA CAPELA DE SAN LORENZO DE CORUXO. EXPTE. 2384/150.**
Visto o informe xurídico do 18/12/2025 e o informe de fiscalización do 29/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/12/2025, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependientes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

O artigo 25.2.a ) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 09/07/2014 por Resolución da Alcaldía delegáronse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, as atribucións que sexan precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento do Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O Concello en data 15/03/2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:59 | Páxina 5 de 71 |
|---|---|---|
| 2006-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026 | CSV: AFA3D1-848E4F-DA5585-BSXC73-2NGNEY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

A Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do convenio marco, na sesión do 22/07/2025, acordou o financiamento da colocación dunha varanda na contorna da igrexa de San Lorenzo de Coruxo.

En data 11/12/2025 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo), doc. 250353186, a Diocese achega a solicitude de subvención para o financiamento da actuación achegando, así mesmo, ao expediente declaración de non solicitude nin obtención de axudas, certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma, certificado de representación e certificado de conta bancaria.

A concesión da subvención directa instruméntase mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco. Neste senso, conforme o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público consta no expediente memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

No presuposto do Concello consta a partida 3360 7800010 en concepto de subvención patrimonio histórico artístico relixioso.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estos efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que radican na necesidade de **reparación dos muros e a substitución de varandas na contorna da capela de San Lorenzo de Coruxo** como medida de seguridade para a cidadanía. De feito, cómpre a reparación completa dos muros perimetrais do adro e a situación completa das varandas actuais debido ao mal estado de rixidez das fixacións, que derivou no esborralle da esquina noroeste dun tramo de aproximadamente 5 metros de lonxitude.

Dita subvención instruméntase mediante a sinatura de convenio específico para a **reparación dos muros e a substitución de varandas na contorna da capela de San Lorenzo de Coruxo** por importe de **63.819,21 euros** con cargo aos créditos orzamentarios na partida 3360 780 0010 SUBVENCIÓNS PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO RELIXIOSO da anualidade de 2026.

A concesión da subvención directa se instrumenta mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco. Neste senso, conforme o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público consta no

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

expediente memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de concesión directa á Diocese Tui Vigo mediante sinatura de convenio específico para o financiamento da **reparación dos muros e a substitución de varandas na contorna da capela de San Lorenzo de Coruxo**

**SEGUNDO.-** Aprobar o texto do Convenio segundo anexo I.

**TERCEIRO.-** Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de **63.819,21 euros** con cargo aos créditos orzamentarios na partida 3360 780 0010 SUBVENCIÓNS PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO RELIXIOSO do presuposto municipal 2026.

**TERCEIRO.-** Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DA REPARACIÓN DOS MUROS E A SUBSTITUCIÓN DE VARANDAS NA CONTORNA DA CAPELA DE SAN LORENZO DE CORUXO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, a XX de decembro de 2025

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, en virtude do Decreto de Delegación da Alcaldía-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:59 | Páxina 7 de 71 |
|---|---|---|
| 2006-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026 | CSV: AFA3D1-848E4F-DA5585-BSXC73-2NGNEY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Presidencia de data 9 de xullo de 2024.

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diocese de Tui-Vigo, con NIF ***8257>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante “Diocese”

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

**MANIFESTAN**

**I.-** Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui – Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a ) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no Concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III- .- Que o Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

IV.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 22 de xullo de 2025, a proposta da Diocese de Tui – Vigo, seleccionou como proposta de actuación a realizar o financiamento da colocación dunha varanda na contorna da igrexa de San Lorenzo de Coruxo.

IV.- Que no presuposto do Concello consta a partida 3360 780 0010 en concepto de subvención patrimonio histórico artístico relixioso.

E, na súa virtude, ambas institucións consideran oportuno subscribir un convenio especifico de colaboración con arranxo ás seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRO.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo para o financiamento **da reparación dos muros e a substitución de varandas na contorna da capela de San Lorenzo de Coruxo.**

### SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O presuposto total da execución dos traballos ascende a **63.819,21 euros** (sesenta e tres mil oitocentos dezanove con vinte e un euros), segundo o presuposto presentado.

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento da actuación coa cantidade de **63.819,21 euros** (sesenta e tres mil oitocentos dezanove con vinte e un euros), IVE incluído, que representa unha porcentaxe do 100%.

Este financiamento realizarase efectivo con a aplicación presupostaria con cargo á aplicación presupostaria partida 3360 780 0010 subvencións patrimonio histórico artístico relixioso dos orzamentos municipais

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estos efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:59 | Páxina 9 de 71 |
|---|---|---|
| 2006-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026 | CSV: AFA3D1-848E4F-DA5585-BSXC73-2NGNEY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da lei xeral de subvencións.

**TERCEIRA.- DURACIÓN DO CONVENIO**

O presente convenio terá unha duración de **1 ano**, contado a partir da data da sinatura polas partes.

**CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES**

1.- A Diocese Tui-Vigo comprométese a:

a) Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.

b) Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades. Deberá colocar un cartel informativo co logotipo do Concello de Vigo e cos datos licenza concedida, indicando, así mesmo, que a obra está financiada polo Concello de Vigo.

c) Corresponde á Diocese a xestión dos medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.

d) Con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintas empresas. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

e) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.

f) Darlle as actividades o maior grao de publicidade incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.

g) Comunicar á Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

h) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

2.- O Concello de Vigo comprométese

a) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.

b) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

**QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

1.- O prazo de xustificación finalizará o **1 de novembro de 2026.** Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org e incluirá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluirá unha relación de todos os xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:59 | Páxina 11 de 71 |
|---|---|---|
| 2006-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026 | CSV: AFA3D1-848E4F-DA5585-BSXC73-2NGNEY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención.

Así mesmo, achegarase copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

**SEXTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN**

O pago da subvención se realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663 entidade bancaria ABANCA da que é titular a entidade beneficiaria.

Tras a aprobación da resolución de adxudicación da subvención a beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado de ata o 50% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, tras a entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a achegada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo. O instrutor

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das tarefas obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

**SÉTIMA.- SUBCONTRATACIÓN**

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítese a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

**OITAVA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

**NOVENA.- REINTEGRO**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**DÉCIMA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención á que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no regulamento da dita lei.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:59 | Páxina 13 de 71 |
| --- | --- | --- |
| 2006-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026 | CSV: AFA3D1-848E4F-DA5585-BSXC73-2NGNEY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscrición da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

A resolución de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

**DÉCIMO SEGUNDA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

Será motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:

1.- Acordo unánime de todos os asinantes.

2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

**DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

**DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

En cumprimento do establecido na Resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

**DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE**

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector Público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

S.Extr.Urx. 30/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdicional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

**4(994).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE CLUB GALLEGO DE AUTOMOVILES ANTIGUOS PARA A PARTICIPACIÓN NA "CABALGATA DE REIS 2026". EXPTE. 10573/335.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/12/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola secretaria de Administración Municipal e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen ánimo de lucro e de incentivos fiscais ao mecenado

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** O servizo de Festas, no exercicio das súas competencias, está organizando os programas da Cabalgata de Reis do ano 2026.

**Segundo.-** A entidade Club Gallego de Automóviles Antiguos presenta escrito para participar na "CABALGATA DE REIS 2026" que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2026.

**Terceiro.-** O día 29 de decembro do 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente para a sinatura do

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

correspondente convenio de colaboración coa entidade CLUB GALLEGO DE AUTOMOVILES ANTIGUOS (G01846450) para a súa participación na Cabalgata de Reis 2026.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

**DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN**

Os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes ou universidades públicas entre elas ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (artigo 47.1 LRJAP). Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos.

O convenio enmarcase en materias de competencia propias do Concello, a promoción da cultura e equipamentos culturais, recollidas nos artigos 25.2. m da LBRL, e o 80.2. n) (actividades culturais) da LALGA.

A Lei 49/2002 prevé a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Así, o seu artigo 25 o establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades ás que se refire o artigo 16 (entre as que se atopan as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

**-II-**

**DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DE EFICACIA DOS CONVENIOS**

A LJSP establece os seguintes requisitos para os convenios:

a) Non poderán implicar a transferencia da titularidade da competencia.

b) A sinatura dos convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta dos medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

c) A xestión, xustificación e demais actuacións relacionadas cos gastos derivados dos convenios que inclúan compromisos económicos, axustaranse ao disposto na lexislación orzamentaria.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:59 | Páxina 17 de 71 |
|---|---|---|
| 2006-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026 | CSV: AFA3D1-848E4F-DA5585-BSXC73-2NGNEY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

d) Os convenios que inclúan compromisos económicos deberán ser financeiramente sustentables, e os que os asinen deberán ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

e) As achegas económicas que os asinantes se comprometan a realizar non poderán superar os gastos derivados da execución do convenio.

A entidade CLUB GALLEGO DE AUTOMOVILES ANTIGUOS presentou a documentación necesaria para a tramitación do presente convenio, segundo consta na Dilixencia de verificación administrativa de data 29/12/2025.

Revisada a documentación presentada, procede analizar se o convenio previsto cumpre cos requisitos esixidos no artigo 48 da LRJAP:

- Non implica transferencia da titularidade da competencia, que segue correspondendo ao concello.
- A sinatura deste convenio mellora a eficiencia da xestión pública, contribúe á realización de actividades de utilidade pública, neste caso a cabalgata de reis, e cumpre coa lexislación en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, non afectando a estabilidade e sustentabilidade financeira do Concello.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

**-III-**

**DO CONTIDO DOS CONVENIOS**

O contido obrigatorio dos convenios está regulado no artigo 49 da LRJAP:

a) Os suxeitos que asinen o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

b) A competencia na que se fundamentan as actuacións da Administración.

c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, se é o caso, a titularidade dos resultados obtidos.

d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se é o caso, con indicación da súa distribución temporal por anualidades e a súa consignación específica ao orzamento correspondente segundo o disposto na lexislación orzamentaria.

e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, se é o caso, dos criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.

f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto dos convenios.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

g) O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa, a modificación do contido do convenio requirirá o acordo unánime dos asinantes.

h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes normas:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá exceder de catro anos, salvo que legalmente se prevexa un prazo superior.
2. En calquera momento antes do remate do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar por unanimidade a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

**-IV-**

**COMPETENCIAS**

A competencia para a aprobación de convenios con outras Administración e entidades públicas e privadas ou adhesión aos mesmos agás que a súa aprobación corresponda ao Pleno, correspóndelle á Xunta de Goberno local por Resolución de Alcaldía de data 20 de xuño de 2023.

**PROPOSTA DE ACORDO**

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*"PRIMEIRO: Aprobar o convenio coa entidade Club Gallego de Automóviles Antiguos (CIF G-01846450), para participar na "Cabalgata de Reis 2026".*
*SEGUNDO: Unha vez aprobado o presente acordo, deberá asinarse o convenio de colaboración pola Concelleira Delegada da área de Seguridade Contratación Festas e Xestión Municipal e a entidade solicitante.*
*TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao interesado, indicando que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de Xurisdición Contencioso-administrativa.*
*Así mesmo, a resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Publicas".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO "CLUB GALLEGO DE AUTOMÓVILES ANTIGUOS" PARA A SÚA PARTICIPACIÓN NA CABALGATA DE REIS 2026. (expte.- 10573-335)



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:59 | Páxina 19 de 71 |
| 2006-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026 | CSV: AFA3D1-848E4F-DA5585-BSXC73-2NGNEY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Vigo, na data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

Dunha parte, dona Patricia Rodríguez Calviño, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de data 20 e 28 de xuño de 2023 e modificación de data 28/6/2024.

Doutra parte, D. David Abella Regueras con DNI 71509364H en representación da entidade CLUB GALLEGO DE AUTOMOVILES ANTIGUOS, CIF G01846450, con domicilio social no Camiño Couto 50, Vigo.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**Primeiro.-** O art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón que o Municipio, para a xestión do seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades y aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

**Segundo**.- Que a finalidade do convenio é acadar a colaboración da entidade "CLUB GALLEGO DE AUTOMOVILES ANTIGUOS", co Concello de Vigo no fomento de actividades socioculturais, todas elas de interese xeral, que se celebren na cidade de Vigo, no programa da Cabalgata de Reis 2026, nos termos do artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

**Terceiro.-** Que o presente convenio constitúe un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral segundo o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro en virtude do cal o Concello de Vigo, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades.

A difusión da participación do colaborador no marco nos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe prestación de servizos polo que se atopa excluído do ámbito de aplicación da lei 40/2015, do 1 de outubro do sector.

**Cuarto.-** Que o Concello ten competencia para recibir achegas económicas a tenor do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en concepto de ingreso de natureza non tributaria de dereito privado, e é unha das entidades beneficiaria de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

mecenado de conformidade co artigo 16 apartado b) da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

**Quinto**.- Que por tanto, o Concello e a entidade CLUB GALLEGO DE AUTOMOVILES ANTIGUOS teñen un especial interese en colaborar na citada actividade, mediante o instrumento de Convenio de Colaboración Empresarial previsto no devandito artigo 25 de Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Por todo elo, as partes intervenientes acordan subscribir o presente convenio de Colaboración con suxeición os seguintes:

**PACTOS**

**Primeiro.- Obxecto do convenio**

O presente convenio entre o Concello de Vigo e o a entidade CLUB GALLEGO DE AUTOMOVILES ANTIGUOS en actividades de interese xeral ten por obxecto establecer a colaboración económica da actividade CABALGATA DE REIS 2026 que terá lugar en Vigo o día 5 de xaneiro de 2026.

Co fin de acadar dito obxecto, a entidade asume o compromiso de efectuar as achegas (en especie) que se indican no terceiro pacto e o Concello a difundir a participación do colaborador, a cambio das axudas para a realización das actividades de carácter sociocultural que se pretende levar a cabo.

**Segundo.- Natureza**

Ambas as dúas partes declaran que o presente convenio de colaboración en proxectos ou actividades culturais de interese social ten a natureza dos previstos na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado e que, en ningún caso, debe considerarse que persegue os fins dos contratos de patrocinio publicitario recollidos no artigo 24 de la Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade.

A tódolos efectos, a difusión da participación da entidade CLUB GALLEGO DE AUTOMOVILES ANTIGUOS no marco do establecido no presente convenio non constitúe unha prestación de servizos.

**Terceiro.- Compromisos das partes**

A entidade CLUB GALLEGO DE AUTOMOVILES ANTIGUOS coa sinatura do presente convenio, asume o compromiso de participar na actividade Cabalgata de Reis 2026 cunha achega en especie que consistirá na asistencia de 5 vehículos antigos con chofer e caramelos.

**Cuarto.- Accións de difusión da colaboración**



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:59 | Páxina 21 de 71 |
|---|---|---|
| 2006-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026 | CSV: AFA3D1-848E4F-DA5585-BSXC73-2NGNEY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

En virtude do presente convenio O CONCELLO comprométese a difundir por calquera medio a participación do colaborador nas citadas actividades e en concreto en cuñas radiofónicas, anuncios publicitarios en televisión local e información en prensa escrita.

En especial, o Concello utilizará o logotipo do colaborador en calquera soporte que sexa utilizado para difundir as actuacións proxectadas ou en fase de realización, con especial mención, no seu caso, á avaliación da achega económica de aquela.

**Quinto.- Comisión de Seguimento**

Ambas partes constituirán una Comisión Mixta formada por dous membros por cada unha das partes, que terá como funcións o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos asumidos polas partes. Tamén resolverá os problemas que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo.

**Sexto.- Duración do convenio**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata a data de remate do evento.

**Sétimo.- Causas de resolución do convenio**

Sen prexuízo das causas legais, o presente convenio poderá ser resolto polos motivos seguintes:

a) Por mutuo acordo das partes intervenientes.
b) O incumprimento por calquera das partes de algunha das obrigas que se establecen neste convenio que non fora emendado nun prazo de dez días dende que se comunicase tal circunstancia á outra parte.

**Oitavo.- Publicidade**

Conforme ao establecido na normativa sobre transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o presente convenio será publicado na páxina web do Concello de Vigo.

**Noveno.- Protección de datos**

Cada unha das partes obrigarase a cumprir coas obrigas en materia de protección de datos e acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

**Décimo.- Propiedade intelectual**

Ningunha das manifestacións que contén o presente convenio supón a cesión ou transmisión de calquera dereito da propiedade intelectual ou industrial, titularidade, nin do Colaborador nin do Concello.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

O uso indebido ou para un fin distinto ao pactado no presente convenio, por algunha das partes, de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade industrial ou intelectual, facultará á parte prexudicada para resolver o presente convenio e pedir a correspondente indemnización de danos e prexuízos a que houbese lugar.

**Undécimo.- Normativa aplicable e xurisdición**

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración empresarial conforme o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, e artigos 111 Texto Refundido de disposicións vixentes locais, Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, a Lei 39/2015, do 2 de novembro, de procedemento administrativo común, Real Decreto 500/90 de 20 de abril, como en especie. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración e poderán proceder de varios colaboradores.

**Duodécimo.- Resolución de controversias**

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio dixitalmente, no lugar e data que se indican.

**5(995).- BASES E CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS DE APOIO PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2026. EXPTE. 14299/224.**

Visto o informe xurídico de data 19/12/2025 e o informe de fiscalización do 23/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/12/2025, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, mediante Resolución de data 18 de decembro de 2025, acordou o inicio do expediente administrativo para a aprobación do marco de actuación do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero* correspondente ao exercicio 2026.

Este expediente recolle as Bases, a convocatoria específica e o extracto do programa para a concesión de subvencións directas a mulleres en situación de violencia de xénero no ano 2026, por un importe máximo de 20.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria "Bolsas económicas" 2311 480.00.00 do orzamento do Servizo de Igualdade previsto para o exercicio 2026.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:59 | Páxina 23 de 71 |
|---|---|---|
| 2006-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026 | CSV: AFA3D1-848E4F-DA5585-BSXC73-2NGNEY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

A violencia contra as mulleres, que aínda existe na nosa sociedade, constitúe a manifestación máis extrema da desigualdade. Segundo indica o informe do *Consejo General del Poder Judicial* correspondente ao ano 2024, no conxunto do Estado presentáronse un total de 199.0094 denuncias por violencia machista, referidas a un total de 183.908 vítimas.

No período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 17 de decembro de 2025, segundo datos do Ministerio de Igualdade, 1.342 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou ex-parellas só en España. Desas mulleres, 47 foron asasinadas este ano. Non obstante, hai que ter en conta que este é un dos aspectos máis dramáticos e visibles das consecuencias da violencia de xénero, pero esta se manifesta de diversas formas e en diversos contextos, quedando, moitas veces, oculta. Ademais, esta violencia afecta tamén aos e ás menores que a sofren, con consecuencias fatais para o seu desenvolvemento. Desde o ano 2013 ata o 18 de decembro de 2025 (última data oficial recollida na web do Ministerio), segundo datos oficiais, 65 menores foron vítimas mortais por violencia vicaria. Por isto, é necesaria por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no seu artigo 1, inclúe dentro do seu obxecto a prestación de asistencia ás mulleres, aos/ás seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela, ou garda e custodia, vítimas desta violencia. No seu artigo 19, ademais, establece o dereito á atención integral para as vítimas, e a competencia para a súa organización por parte das Corporacións Locais.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21, establece que as Entidades Locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto das Administracións públicas.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, atribúe aos municipios competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia de “actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero”.

A vixente normativa [art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Resolución de Alcaldía de data 25/09/2025 de modificación da estrutura da administración do Concello de Vigo (BOPPO núm. 186 do 30 de setembro de 2025), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025 de modificación da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os titulares das Concellerías de Área de Goberno (BOPPO núm. 217 do 12 de novembro de 2025), atribúe á concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, entre outras, a seguinte competencia en materia de igualdade: *“**Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de***

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

***xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto".***

O IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009, e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013, contempla, entre os seus obxectivos específicos: *garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero,* e entre as actuacións a poñer en marcha: *potenciación e incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia.*

Consciente da necesidade de actuar contra a violencia de xénero, e no marco das súas competencias, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia desde diversos dispositivos e programas municipais. Así, a través da Concellería de Igualdade, lévanse a cabo programas de prevención e sensibilización, ademais da posta en marcha dunha serie de servizos e programas de atención e tratamento específico e integral da violencia de xénero. Cabe salientar o labor desenvolto polo *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*, desde o cal se ofrece apoio e asesoramento xurídico, psicolóxico e social, e que se complementa con dispositivos de acollemento como o Centro de Emerxencia ou a Rede municipal de vivendas de protección, dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero.

Para que o acollemento e a atención sexa integral, a intervención non só debe comprender aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos, senón que existen aspectos económicos de carácter urxente que deben ser cubertos para que as mulleres que están a padecer violencia de xénero, ou se atopan no proceso de recuperación das secuelas da violencia de xénero que, en moitas ocasións, se prolongan no tempo máis alá da ruptura, logren acadar unha vida autónoma.

A maior parte das usuarias da rede municipal de atención e acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria. A falta de cualificación profesional, a dependencia económica e afectiva co agresor, a baixa autoestima, a responsabilidade de ter ao seu coidado a menores ou persoas dependentes, o medo, e as propias limitacións do mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida sexan enormemente dificultosas. Así, a experiencia acumulada de máis de dúas décadas de traballo, indica a necesidade de que, por parte da Administración, se lles recoñeza o dereito a unha axuda económica temporal que lles facilite unha vida autónoma, independente e favoreza a ruptura co agresor e o proceso de recuperación das secuelas da violencia de xénero que, en moitas ocasións, se prolongan no tempo máis alá da ruptura,

Para acadar este fin proponse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas para mulleres en situación de violencia de xénero no ano 2026, no marco definido pola normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:59 | Páxina 25 de 71 |
|---|---|---|
| 2006-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026 | CSV: AFA3D1-848E4F-DA5585-BSXC73-2NGNEY-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Ao abeiro do previsto no art. 56 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Base 29ª de execución do orzamento xeral do exercicio 2025 proponse tramitar este expediente como anticipado de gasto.

A finalidade deste programa é dotar as mulleres dunha axuda económica temporal, non periódica, que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos na ruptura da relación violenta, así como no proceso de recuperación das secuelas da violencia de xénero que, en moitas ocasións, se prolongan no tempo máis alá da ruptura. Estas axudas económicas poderán utilizarse para facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hospedaxe, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, actividades extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

No caso extremo de que a muller faleza ou sufra lesións físicas ou psíquicas que lle imposibiliten ser a beneficiaria, as axudas se poderán destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

Correspóndelle á traballadora social do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* do Concello de Vigo, ou á profesional do Servizo de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar, e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc., deste réxime de axudas, así como realizar a valoración profesional e a proposta de concesión.

As axudas económicas que se concedan ao abeiro desta convocatoria terán necesariamente carácter temporal e non periódico, para atender situacións concretas derivadas do proceso de recuperación das mulleres vítimas da violencia de xénero valoradas polo equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* do Concello de Vigo.

A concesión destas axudas imputarase á seguinte aplicación orzamentaria do orzamento do Servizo de Igualdade previsto para o ano 2026 polo seguinte importe:

| Aplicación orzamentaria: | Importe | Exercicio económico |
|---|---|---|
| *"Bolsas económicas"* 2311 4800000 | 20.000,00 € | 2026 |

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ao previsto, ampliarase o crédito orzamentario na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo coa legalidade vixente en materia orzamentaria.

O réxime xurídico no que se enmarca este programa de actuación é conforme co disposto na normativa sobre subvencións: Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nas Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

Por isto, este expediente, tramitado como anticipado de gasto (Base 29ª das Bases de execución do Orzamento Xeral do ano 2025), establece o marco de actuación para o procedemento aplicable ao longo do ano 2026, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Constan os obxectivos, a clasificación das axudas, os requisitos e as obrigas das beneficiarias así como as peculiaridades da xestión destas subvencións directas. Contémplanse, igualmente, as contías máximas das axudas directas e a posibilidade de compatibilizalas con outras subvencións.

En relación co cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.

Ao amparo do artigo 13.2.e) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, atendendo á natureza destas axudas, para obter a condición de beneficiaria exceptúase o requisito de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e recoñece o dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial. Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atope nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”.*

Polo dito, non se rexistrará información das concesións destas axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións”, sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.

O crédito previsto, a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos, os sectores ou colectivos aos que van dirixidas, o réxime de seguimento e control e a modalidade de concesión destas axudas están previstos no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. Concretamente, estas subvencións están incluídas na liña estratéxica (2.5) Vítimas de violencia de xénero.

Polo exposto, e previos os preceptivos informes xurídico e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º Aprobar as Bases do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2026* que se recollen no Anexo I.

2º Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no art. 56 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e na Base núm. 29 de execución do Orzamento Xeral Municipal.

S.Extr.Urx. 30/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

3º Autorizar o gasto por importe de 20.000,00 euros (vinte mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria *“Bolsas económicas”* 2311 480.00.00 do orzamento do Servizo de Igualdade previsto para o exercicio 2026, para poder facer fronte aos gastos que orixina a concesión das axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero.

4º Aprobar o texto da convocatoria do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2026* e do extracto da mesma (Anexos II e III), que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, conforme ao establecido na Resolución do 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

5º Autorizar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 20.000,00 euros, a nome das funcionarias adscritas ao Servizo de Igualdade: Cristina Gómez García, con DNI número ***9888** e María del Mar Soto García, con DNI número ***4079**, para poder facer fronte aos anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.”

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO I**

**BASES DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS DE APOIO PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2026**

**PRIMEIRA.-** Obxecto

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar o procedemento aplicable para o outorgamento de axudas económicas directas de carácter non periódico para mulleres en situación de violencia de xénero no ano 2026.

**SEGUNDA.-** Finalidade das axudas

A finalidade destas axudas é apoiar as mulleres en situación de violencia de xénero para que poidan afrontar unhas necesidades económicas derivadas principalmente desta violencia, contribuíndo a apoiar tanto o proceso de ruptura co agresor, como o proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.) que, en moitas ocasións, se prolonga máis alá da ruptura, e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria.

Este programa diríxese ás mulleres en situación de violencia de xénero, ou que estean en proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), que sexan usuarias dos dispositivos municipais de atencións ás mulleres do Concello de Vigo.

No caso extremo de que a muller faleza ou sufra lesións físicas ou psíquicas que lle imposibiliten ser beneficiaria, as axudas poderanse destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas, e poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hospedaxe, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, actividades extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

**TERCEIRA.-** Beneficiarias

a) Mulleres en situación de violencia de xénero, ou en proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), que estean a ser atendidas nos dispositivos específicos de atención ás mulleres do Concello de Vigo: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Centro de Emerxencia e/ou Rede Municipal de Vivendas de Protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

b) No caso de que a muller padeza lesións psíquicas ou físicas que lle imposibiliten a recepción da axuda, esta poderase conceder a algunha persoa da súa familia.

c) No caso extremo de que a muller faleza, con carácter excepcional, poderase conceder a axuda económica ás persoas que conviviran coa vítima e dependesen economicamente dos seus ingresos, coordinando o caso cos servizos sociais de atención primaria. Cando sexan fillos e fillas menores de idade os/as que convivisen coa nai, a persoa beneficiaria da axuda será a persoa adulta que se responsabilice dos/as menores.

As circunstancias descritas nos apartados b) e c) deberán acreditarse no informe técnico de proposta da axuda.

**CUARTA.-** Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Estar en situación de violencia de xénero ou estar en proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), proceso que, en moitas ocasións, se prolonga máis alá da ruptura da relación violenta. Esta situación será valorada polo equipo profesional do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.* Tamén poderá acreditarse por calquera das formas previstas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ou na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

3º.- Residir no termo municipal de Vigo.

4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos para os que solicita a axuda, a valoración do equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.*

5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.

6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da necesidade e da situación de violencia de xénero que demande o equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* ou ben autorizar ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:59 | Páxina 29 de 71 |
|---|---|---|
| 2006-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026 | CSV: AFA3D1-848E4F-DA5585-BSXC73-2NGNEY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

das Administracións públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación e resolución da súa solicitude.

Tendo en conta a natureza destas axudas, ao abeiro do disposto no art. 13.2 da Lei 38/2003, exceptúase o requisito de estar o corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social para obter a condición de beneficiaria.

**QUINTA.-** Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria "Bolsas económicas" 2311.480.00.00 do orzamento do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo aprobado para o exercicio 2026.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ao previsto, incrementarase o crédito orzamentario na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo coa normativa vixente en materia orzamentaria.

**SEXTA.-** Contía das axudas e procedemento de concesión e valoración

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por solicitude da persoa interesada presentada no Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Correspóndelle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, ou profesional do Servizo de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc., deste réxime de axudas, así como realizar a valoración profesional e a proposta de concesión.

No informe técnico emitido deberán quedar acreditadas as limitacións económicas que ten a beneficiaria para facer fronte aos gastos para os que solicita a axuda, gastos extraordinarios aos que tivese que facer fronte, débedas de vivenda e/ou subministros da vivenda, así como, se procede, a imposibilidade de que as necesidades reflectidas no informe sexan atendidas con urxencia polos servizos sociais de atención primaria ou por outras Administracións públicas.

Esta axuda é compatible con outras axudas de carácter público e/ou privado.

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

A concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade será quen teña a facultade para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas.

Unha vez concedida a axuda, a beneficiaria disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción desta para presentar a xustificación perante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. Este prazo poderase prorrogar atendendo a causas xustificadas valoradas polo servizo municipal de atención á muller. A traballadora social ou, na súa ausencia, a profesional do Servizo de Igualdade competente en cada caso, comprobará que queda xustificado o gasto e a finalidade da axuda concedida.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

**SÉTIMA.-** Gastos subvencionables

As axudas concedidas con cargo a este programa teñen carácter temporal e non periódico, para abordar aspectos concretos derivados da situación de violencia de xénero tanto no momento da ruptura da relación violenta, como no proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), proceso que, en moitas ocasións, se prolonga no tempo máis alá da ruptura. A situación será valorada polas profesionais do equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* do Concello de Vigo.

Estas axudas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hospedaxe, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, actividades extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

A concesión dunha destas axudas non da dereito por si mesma á concesión doutra polo mesmo concepto. Tampouco poderán ser invocadas como precedente.

**OITAVA.-** Presentación de solicitudes e prazo

As interesadas poderán presentar as súas solicitudes de axuda a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cubertas e asinadas pola solicitante.

O Servizo municipal de Igualdade poderá iniciar de oficio o procedemento para a concesión da axuda ante causas excepcionais que imposibiliten á interesada para presentar a solicitude (enfermidade, desprazamento fóra do Concello de Vigo, etc.) ou por mor da urxencia da situación que así o motive.

Poderán presentarse solicitudes desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e ata o día 23.12.2026, incluído.

**NOVENA.-** Solicitude de fondos

O Servizo de Igualdade solicitará o inicio do correspondente expediente de gastos a xustificar para a concesión destas axudas, que se farán efectivas na conta restrinxida da Tesourería municipal con cargo á aplicación orzamentaria núm. 2311.480.00.00 do orzamento do Servizo de Igualdade aprobado para o exercicio 2026.

**DÉCIMA.-** Obrigas das persoas beneficiarias

1. Aplicar a axuda á finalidade para a que foi concedida.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar da posible beneficiaria.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da axuda.
4. Reintegrar o importe da axuda indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas polas profesionais do equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:59 | Páxina 31 de 71 |
|---|---|---|
| 2006-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026 | CSV: AFA3D1-848E4F-DA5585-BSXC73-2NGNEY-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

6. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

**DÉCIMO PRIMEIRA.-** Publicidade das axudas concedidas

O Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e recoñece o dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial. Así, o seu artigo 7.5 b) establece que non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando *"a persoa física se atope nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller".*

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do "Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións", sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.

**DÉCIMO SEGUNDA.-** Xustificación das axudas

a) Lugar: as beneficiarias xustificarán as axudas concedidas presentando perante o equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* (CMIDM) a documentación que se indica no seguinte apartado.

b) Documentación: as axudas concedidas quedarán xustificadas coa presentación do DNI, ou outro documento oficial de identidade, e as facturas ou comprobantes do gasto efectuado. No caso de que a axuda fose concedida para cubrir gastos de necesidades básicas, como poden ser os cartos de peto ou manutención, os documentos acreditativos dos gastos realizados quedarán baixo a custodia do equipo multidisciplinar do CMIDM, podendo ser consultados pola Intervención Xeral.

c) Prazo: a beneficiaria disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da axuda para presentar a xustificación no *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. O equipo multidisciplinar do CMIDM comprobará que queda xustificado o gasto e a finalidade da axuda concedida.

**DÉCIMO TERCEIRA.-** Departamento responsable

Concellería de Igualdade: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación co Servizo de Igualdade do Concello de Vigo

**DÉCIMO CUARTA.-** Avaliación e seguimento

No expediente de concesión da subvención deberá incluírse a proposta fundamentada da necesidade da axuda e a súa contía.

O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou á profesional do Servizo de Igualdade competente en cada caso.

Co obxecto de realizar a valoración e o seguimento deste programa de axudas, elaborarase unha memoria anual que reflicta cando menos:

– Número de beneficiarias

– Finalidade das axudas

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

– Importe das axudas concedidas

– Seguimento do destino das axudas

– Solicitudes denegadas: número e motivo

## ANEXO I-A

| Concello de Vigo<br>C.I.F. P3605700H<br>Praza do Rei 1 - 36202<br>Tel: 986 810 100 | IMPRESO DE SOLICITUDE<br>**PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO ANO 2026**<br>CONCELLERÍA DE IGUALDADE | rexistro Selo |
|---|---|---|

| SOLICITANTE | * DNI/NIE/Pasaporte | * Nome e apelidos | * Teléfono 1 | Teléfono 2 |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

| ENDEREZO FISCAL | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| * Nome da rúa, praza, etc. | * Núm. | Portal | Escaleira | * Piso | * Porta | * Cód. Postal |
| | | | | | | |

| Parroquia | * Municipio | * Data nacemento | * País nacemento | Correo electrónico |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

| ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Nome da rúa, praza, etc. | Número | Portal | Escaleira | Piso | Porta | Cód. Postal |
| | | | | | | |

| Parroquia | Municipio | Provincia | Correo electrónico |
|---|---|---|---|
| | | | |

| REPRESE | DNI ou CIF | Nome e apelidos ou razón social | Teléfono 1 | Teléfono 2 |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

S.Extr.Urx. 30/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:50:07

Documento asinado

| NTANTE | Nome da rúa, praza, etc. | Número | Portal | Escaleira | Piso | Porta | Cód. Postal |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | |
| | Parroquia | Municipio | Provincia | Correo electrónico | | | |
| | | | | | | | |

*Campos que se deben cubrir obrigatoriamente.

**SOLICITA:**

Unha axuda económica con cargo ao PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO (ano 2026) da Concellería de Igualdade, para (indicar concepto e importe solicitado): ..................................................................................................................
…...................................................................................................................................................
.........................

Para o que achega a seguinte documentación:
.........................................................................................................................................
.........................................................................................................................................
.........................................................................................................................................
...........................................................................

| Pode consultar o estado da súa solicitude accedendo a Oficina Virtual do Concello na web www.vigo.org. Tamén pode recibir información adicional indicando o método desexado: | ☐ Mensaxe (SMS) ao móbil<br>☐ Correo electrónico. |
|---|---|

**DECLARA:**

1º Que coñezo e acepto as Bases do *Programa municipal de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero do ano 2026* da Concellería de Igualdade.

2º Que non estou incursa nas prohibicións legais para ser beneficiaria de subvencións públicas e que os datos que figuran nesta solicitude son certos.

As persoas que de seguido se relacionan autorizan ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) a obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación e resolución desta solicitude, de acordo coas Bases do programa.

| Nome e apelidos | Núm. DNI/ NIE/ Pasaporte | Sinatura |
|---|---|---|
| | | |
| | | |

| | | |
|---|---|---|
| | | |

(Sinatura da solicitante)

Vigo, …......... de …................................... de 2026

